

LABORATORIO OFICIAL DE METROLOXÍA DE GALICIA



Situación: Parque Tecnolóxico de Galicia,
32901 SAN CIBRAO DAS VIÑAS Ourense
Teléfono: 988 368 124
Fax: 988 368 125
www.lomg.net
lomg@lomg.net



O LOMG é un centro tecnolóxico público integrado no Sistema Ciencia-Tecnoloxía-Empresa, en colaboración proactiva con outros Centros, Universidades e Empresas, para satisfacer, de modo óptimo, as súas demandas metrolóxicas e de innovación en sistemas e procedementos de medida, anticipándose ós seus requirimentos e ós do mercado.

Nace como Fundación sen ánimo de lucro no ano 1997. Actualmente as súas modernas instalacións, inauguradas no ano 2001, atópanse no Parque Tecnolóxico de Galicia (Tecnópole) do concello de San Cibrao das Viñas, a 9 Km. de Ourense.

O Centro presta servizos tecnolóxicos de calibración de instrumentos de medida, formación, e desenvolvemento de proxectos de I+D+i ás empresas que o requiran, sendo a súa misión a excelencia no servizo como forma de contribuír a potenciar a competitividade das empresas.

Recursos humanos

O LOMG está formado por un equipo de especialistas entre os que se atopan 3 doutores, 19 titulados superiores, 5 titulados medios e 10 técnicos. Respecto á distribución por servizos, os doutores e titulados superiores están centrados na investigación e desenvolvemento industrial e o resto do persoal nos servizos tecnolóxicos e xerais.

Organización / Áreas de traballo

O LOMG é un Centro Tecnolóxico que depende da "Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia", que ó mesmo tempo depende da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia. O Padroado é o órgano soberano da Fundación, que executa as súas decisións a través da Xerencia e, xa no LOMG, a través do seu Director.

Actualmente a estrutura organizativa atópase en fase de cambio cunha área de Metroloxía Industrial (no que se atopan catro departamentos técnicos: Temperatura e Humidade Relativa, Eléctrico, Mecánico e Dimensional), unha área de I+D+i que se adica á xestión e execución dos proxectos, unha área de Metroloxía Legal, e un grupo final de servizos xerais.

Instalacións / Equipamento

Laboratorio de Calibración e Ensaio de Temperatura, de Humidade Relativa, de Temperatura de Radiación, de Temperatura Superficial, de Viscosidade, Laboratorio eléctrico (CC e CA), de Microondas, de Tempo e Frecuencia, de Acústica e Vibracións, Laboratorio Dimensional (para instrumentación, con 2 Máquinas de Medición por Coordenadas, una de elas de grandes dimensións, Interferómetro Láser...), Laboratorios de Masa, de Forza e Par, de Presión Neumática e Hidráulica, Cámara de Néboa Salina, Laboratorio de Metroloxía Legal, Banco de calibración de Etilómetros, Bancos de ensaio de contadores de auga, de electricidade e de gas, Cámara anecoica de antenas, Fresa de CNC, equipos de visión por computador (cámaras, iluminación...).



Servizos

O Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia (LOMG) reúne nas súas instalacións unha capacidade ampla de medida que lle permite ofrecer servizos de calibración a un elevado número de sectores industriais.

Organiza tamén cursos de formación dirixidos tanto a Xerentes, Xefes de Calidade, Xefes de Laboratorio e Operarios, co obxectivo da capacitación dos asistentes para controlar o parque de instrumentos á volta a súa empresa, e finalmente presta asesoramento na organización dos servizos de medida nas empresas, mediante a colaboración estreita para a elaboración de procedementos de calibración a medida das propias necesidades, implantación e seguimento dos mesmos así como xestión integral do parque de instrumentos.

Proxectos destacados

- Participación como socio tecnolóxico da empresa INNOVA AURIA nun proxecto que estudou as correlacións existentes entre a resistencia mecánica e a dimensión fractal do oso humano. Ano 2003/04.
- "Evaluación y mejora de la gestión metrológica en pymes". Administración financiadora: Ministerio de Industria (Programa: INNOEMPRESA). Ano 2006/07.
- "Sistema para a verificación dos cinemómetros de tráfico baseado en tecnoloxía GPS". Administración financiadora: Xunta de Galicia (Programa: INCITE). Ano 2007/09.
- "Sistema para o Control de calidade en uva mediante visión artificial". (Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia). Ano 2008/10.

Colaboracións, convenios ou alianzas con outras entidades

O centro mantén colaboracións con distinto tipo de entidades do sistema de innovación entre as que podemos citar a Universidade de Vigo, Universidade de Santiago de Compostela, Universidade da Coruña, Universidade do Minho, Instituto Andaluz de Tecnología, Instituto Tecnolóxico de Aragón, Instituto Tecnolóxico de Materiais, Centro Tecnolóxico de Miranda del Ebro, Centro Tecnolóxico da Carne, Cis-Madeira, CESGA, Aula de Produtos Lácteos, ANFACO-CECOPECA, National Physical Laboratory, UK, Centro Español de Metroloxía, INGENO, Noventia Ingenieros, Quantex, PEXEGO, Centro Tecnolóxico do Grupo Copo, MRF, TROMOSA, Grupo Revi...

Acreditacións e certificacións

Cumpre todos os mecanismos de control e seguimento ós que obriga a norma UNE-EN-ISO/IEC 17025:2005 para a xestión de laboratorios de ensaio e calibración, realiza unha autoavaliación segundo Modelo Europeo para a Excelencia e ten mecanismos de seguimento e control necesarios para unha correcta xestión da norma UNE 166002:2006 de Xestión da I+D+i.

Propiedade industrial

O centro ten concedidos dous modelos de utilidade no ano 2006 (Calibrador de freómetros e Calibrador de Sensores de Temperatura Superficial).